

# Roteiro cultural 2014



**Concello de Oleiros**  
Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística



**Bibliotecas Públicas  
Municipais**

Premio Nacional María Moliner 2011

**IES Miraflores**



oleiroslingua

**IES Miraflores**



**Bibliotecas Públicas  
Municipais**

Premio Nacional María Moliner 2011



**Concello de Oleiros**  
Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística

**Organización:** Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros, Servizo de Normalización Lingüística e IES Miraflores

**Coordinación:** Rosa García Vilariño do Departamento de Lingua e Literatura Galega do IES Miraflores, Biblioteca Central Rialeda e Servizo de Normalización Lingüística

**Profesorado:** Mercedes Agra Ramírez (Lingua Galega), Rosa M<sup>a</sup> García Vilariño (Lingua Galega), M<sup>a</sup> Carmen Peñamaría (xefa do Departamento de Matemáticas)

**Alumnado:**

Muluken Angeriz Durán, Daniel González, Eduardo Rodríguez Mariño, Gabriel Dopico Pérez, Cristina Casal Rey, Inés Merelas, Raquel Piñeiro, Claudia Pedreira, Ainhoa Juanatey, Cristina García Plana, Alba Fernández, Ana Martínez, María Giraldes e Raquel Iglesias de 1º de bacharelato

**Representación artística:**

Guitarra: Daniel González

Violín: Laura Estévez

Piano: Nerea Salvador

Bailarinas: Sandra Cuesta e María Isabel Rodríguez

**Agradecementos a:**

M<sup>a</sup> José Souto Salorio e Ana Dorotea Tarrío Tobar

M<sup>a</sup> Carmen Peñamaría

M<sup>a</sup> Esther González Freire, propietaria do pazo de Xaz

Xoán Xosé Muñiz Bello

**Deseño:** Departamento de Comunicación do Concello de Oleiros

**Edición:** Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros e Servizo de Normalización Lingüística

Depósito legal: C 641 - 2014



**ROTEIRO** CULTURAL E LITERARIO

2014



**Casa do Concello**  
(Lugar onde traballou o escritor  
Manuel Lugrís Freire)



**Pazo de Xaz**  
(Pazo onde naceu  
o ilustrado Manuel Pardo  
de Andrade)



**Parque María  
Wonenburger Planells**  
(Como homenaxe á matemática  
María Wonenburger Planells)





## **ROTEIRO CULTURAL E LITERARIO**

*Manuel Pardo de Andrade en Dorneda*

*María Wonenburger en Montrove*

*Manuel Lugrís Freire en Oleiros*

Esta actividade organízase entre o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística e o IES Miraflores.

Consistirá no recorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron diferentes mulleres e homes ilustres, como unha homenaxe a todos eles. Comezamos en Dorneda, no antigo Pazo de Xaz, co ilustrado liberal e xornalista Manuel Pardo de Andrade, trasladámonos a Montrove onde naceu a matemática María Wonenburger, posteriormente desprazámonos a Oleiros onde traballou o escritor Manuel Lugrís Freire.

Os obxectivos que se pretenden conseguir son:

- Dar a coñecer diferentes mulleres e homes ilustres que viviron ou traballaron no Concello de Oleiros.
- Mellorar o coñecemento do patrimonio e espazos do termo municipal de Oleiros.
- Promover a lectura.

**Rogos dun escolar á Virxe do Bo Acerto  
para que libre a terra de Inquisición**


*Miña Virxe, vós que sodes  
madre de consolación,  
librádenos dos nubeiros  
da maldita Inquisición.*

*Da Inquisición, que de medo,  
de espías e de visións  
encheu a terra, e de loito  
cubriu a casa de Dios.*

*Librádenos, Virxe Santa,  
pois que sempre o pecador  
achou na vosa bondade,  
Madre, amparo e protección.*

*Dádelles, pois, bo acerto  
aos homes bos que xuntou  
a España para formar  
a súa lexislación.*

**Rogos dun galego contra a Inquisición**  
Manuel Pardo de Andrade



M


***Manuel Ignacio José Antonio  
Francisco de la Presentación  
Pardo de Andrade.***

Velaquí o nome de bautismo completo de Manuel Pardo de Andrade, que indica ás claras a súa liñaxe fidalga. Seu pai, don Manuel Pardo de Andrade Sanjurjo y Montenegro, dono do pazo de Xaz, sito na parroquia de Dorneda (Oleiros) e dos pazos de Fontán e Almeiras, (Culleredo); a nai, dona María Antonia Vázquez de Leis y Andrade, propietaria de pazos, torres e solares de Cabanela, en Santiago de Traba (Laxe), Sisto e Pazo Vello (Bergantiños). Manuel Pardo de Andrade nace o 21 de novembro de 1760. É o sexto dos fillos e quinto varón do matrimonio fidalgo, e dado o seu posto secundario vai ver predestinada a súa formación á carreira eclesiástica.

Así, despois das primeiras letras e latín aprendidos ao abeiro da casa familiar, ingresa aos 15 anos no Real Colexio de San Agustín, de

recente fundación na Coruña. Cursa os estudos menores na súa querida cidade coruñesa entre 1777 e 1779, para continuar en Salamanca os anos 1780-1782. Xa a primeiros de setembro de 1782 está en Roma, en febreiro do 83 en Perusa, e en Ancona, no ano 1786 obtén o grao de bacharelato en Teoloxía.

En principio, segundo a súa biógrafa, a profesora M<sup>a</sup> Rosa Saurín, o traslado a Roma acocha unha crise persoal sumada a problemas de saúde que o determinan a solicitar unha secularización que inicialmente non chega a presentar. Continuou daquela os seus estudos e final-



mente, licenciado, vai sentir que a estancia na cidade italiana Ancona, moi semellante á Coruña, resúltalle pracenteira. Son anos dedicados ao ensino pois vai ser nomeado Lector do colexio, non esquece a creación literaria e vaise ver encargado dun labor entre diplomático e comercial que consistiu en facer de enlace entre os representantes de España en Italia e en Constantinopla.

Convértese en persoa de confianza do embaixador español, desempeña este servizo durante tres anos e cúmpreo de tal xeito, éxito e honradez que mesmo se vai ver recomendado ante o propio conde de Floridablanca, ministro de Carlos III.

Malia todos estes acontecementos, en 1787 Pardo de Andrade está de novo en Xaz. Cando contaba co seu traslado como Lector



de Lóxica ao colexio de Finale, na rexión italiana de Emilia, sofre presións para que retire a súa solicitude. Á frustración e decepción académica vividas, engádenselle de novo os seus antigos sentimentos de secularización polo que resolve regresar á casa natal onde conta coa solidariedade e cariño da súa familia ben disposta a acollelo. A súa vida sofre daquela un cambio radical. Os novos tempos son de incerteza e espera ata a chegada en 1792 da desexada secularización como frade, amais disto anda á busca dun destino profesional que lle permita autonomía e independencia, o que non se producirá ata 1797 ao obter destino como capelán-castrense do Rexemento de Guadalajara.

Mentres tanto a súa vida ordinaria limítase a cumprir como sacerdote na primeira parroquia coruñesa de San Jorge, situada no solar no que hoxe se atopa o teatro Rosalía de Castro, e por outro a ocupar a súa espera coa creación literaria, cos desexos de publicar na

prensa e os encontros cos amigos ilustrados coruñeses.



Aos seus 27 anos configúrase como o intelectual liberal ilustrado da súa época e vive con plenitude o fervedoiro de ideas e compromiso político coas ansias de cambio dos ilustrados coruñeses, entre os que destacan Cornide Saavedra, que paraba en Mondego ou José Somoza de Monsoriú que o facía en Cabreira e especialmente o cónsul británico Alexander Jardine, amigo e protector do escritor, que en Santa Cruz realizaba experimentos agrícolas. E igualmente o propio Pardo de Andrade en Xaz transmitía ao seu irmán moitas das súas ideas de mellora agrícola que o morgado poñía en práctica. Os encontros entre os ilustrados coruñeses e as súas relacións de amizade co propio Jovellanos van facilitar a Pardo de Andrade a publicación das súas reflexións e poemas na prensa da época. Así a partir de 1796, antes intermitentemente, atópase a súa rúbrica no **Diario de Madrid** e farao practicamente cada día durante seis anos no periódico máis

seguido da península, aínda que a súas colaboracións se agochen baixo diferentes heterónimos, desvelados pola profesora M<sup>a</sup> Rosa Saurín, como **León de Parma**, **Pardo de Jaz**, **El de Jaz**, **El viajero** e un longo etc.



Pardo de Andrade cre, igual ca o resto de ilustrados, na enorme función educativa e divulgadora da prensa e por iso inicia a súa pioneira andadura na consecución deste obxectivo como importante e principal xornalista que xa o era. Un primeiro comezo foi a cabeceira ***El Curioso Herculino***, que non se chega a editar, máis tarde, retirado xa da capelanía castrense, en 1808, en plena invasión francesa, encárgase da redacción do ***Diario de La Coruña***, sendo que as tropas de Napoleón saquean e incendian Xaz polo que se ve obrigado a fuxir e buscar acubillo no monte. Coa volta á normalidade é redactor único do ***Semanario Político, Histórico y Literario de La Coruña*** (1809-1810), que tal e como a súa cabeceira reza trata de abranguer integralmente reflexións fundamentais arredor do desenvolvemento nacional sen esquecerse nunca de Galicia. En 1811 e por encargo do Consello da Rexencia édítase Boletín Patriótico, e entre 1812 e 1814 cola-

bora no ***El Ciudadano por la Constitución*** co obxectivo de dar a coñecer as novidades constitucionais que as Cortes de Cádiz elaboran. Desde a propia Coruña encabeza proxectos a favor dos cambios e o coñecemento da Constitución.

O decreto do 4 de maio de 1814 de Fernando VII no que restablece a monarquía absoluta e derroga a Constitución de 1812, marca o primeiro exilio de Pardo de Andrade. París vai ser encontro de moitos intelectuais liberais no exilio. Así atoparase con Leandro Fernández Moratín e vai vivir as penalidades de todos os desterrados con escasos recursos, e soñando coa volta que se produce en maio de 1820. Regresa coa súa parella Rosa Hardy, unha filla e outra, Angela, que vai nacer en Xaz en outubro de 1820. O labor do periodismo volve ser a súa ocupación no día a día no ***Correo de la Diputación de La Coruña***, mais a tranquilidade dura o que abrangue o



trienio liberal porque en 1823 retorna xa coa familia a un durísimo exilio que remata coa súa morte en 1832, toda unha década de desesperanza e dor. Á dura experiencia do exilio dos ilustrados cómpre engadir a difamación tan espallada desde a ideoloxía absolutista que os denomina afrancesados e traidores coa nación.

A súa obra en lingua galega amosa as mesmas inquiredanzas que presenta o resto da súa produción, é dicir, un compromiso social-ético que esixe a abolición dos dereitos señoriais, que denuncia o poder da Inquisición e

que avoga polo dereito á educación de todas as persoas, coa necesaria monarquía constitucional conforme aos principios que xa formulara a Revolución Francesa. Das seis obras escritas en lingua galega, dous sonetos, dous romances e un artigo destaca o titulado e publicado en folleto anónimo ***Rogos dun gallego establecido en Londres, dedicados aos seus paisanos para abrírlles os ollos sobre certas iñorancias, e o demais que vera o curioso lector.*** A publicación acadou un enorme éxito, pois sabemos de cinco edicións todas no mesmo ano. Historicamente para a nosa literatura estaríamos ante o primeiro éxito editorial de masas da que ademais neste ano 2014 se conmemoran douscentos anos da súa publicación.

Pardo de Andrade elabora **Rogos...** como un “cantar de cego” polo que se populariza a súa difusión e acáelle ademais co propósito do seu pensamento ilustrado gobernado polo didactismo e o interese divulgador para che-



destaca no uso de galicismos, italianismos, formas dialectais da súa zona e doutras de Galicia que adobía con expresivas metáforas e boas doses de humor.

En canto ao contido o autor acerta ao contrastar actitudes, métodos e procedementos da Inquisición co verdadeiro espírito evanxélico, cos inicios do cristianismo poñendo en valor a xustiza e a misericordia e acolléndose á Nosa Señora para que espante

gar ás masas populares. Por outra parte a escolla consciente da lingua galega para a súa obra débese a un evidente afán comunicador. Con todo trata a lingua literariamente e achega influencias de todo tipo. Así

tantos males como a Inquisición impón. Esta firme e crítica alegación contra o poder eclesiástico axudou á condena a morte que os absolutistas ditaron contra el. Os **Rogos** foron prohibidos en 1813 polo arcebispo de Santiago e en 1815 pola Inquisición española. Homenaxeamos desde estas fermosas terras que o viron nacer, a un veciño noso, sabio e erudito, que falaba latín, francés e italiano ademais de castelán e galego, que dedicou a súa vida á nobre actividade da reflexión, do ensino, do uso crítico da razón e que desempeñou coa palabra e a fraternidade a defensa dos seus ideais. Na parroquia de Dorneda unha rúa mantén a súa lembranza.



## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- CARBALLO CALERO, Ricardo. **“Manuel Pardo de Andrade”**. En: *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Vigo: Galaxia, 1981, páx. 38-41
- CARRÉ ALDAO, Uxío. **“El precursor de los periodistas coruñeses: Don Manuel Pardo de Andrade”**. En: *Boletín da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, 1916, nº 102-103, páx. 132-136 e 153-154. [en liña][Consulta: 15/03/2014]  
Dispoñible en: <http://www.realacademiagalega.org>
- CARRÉ ALDAO, Uxío. **“Uno de los primeros periódicos de la Coruña: Diario de la Coruña (1808-1815)”**. En: *A imprenta e a prensa en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991, páx. 25-26
- CARRÉ ALDAO, Uxío. **“Semnario político, histórico y literario de la Coruña (1809-1810)”**. En: *A imprenta e a prensa en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1991, páx. 30
- **“Diario de La Coruña: primer periódico de la ciudad y segundo de Galicia”**. En: *La Voz de Galicia*, 13 marzo 1975, páx. 30
- **Diccionario da Literatura Galega**. Coordinación Dolores Vilavedra. Vigo: Galaxia, 1995. Vol. I Autores, páx. 430-431, vol II Publicacións periódicas, páx. 109, 145, 439, vol. III Obras, páx. 416
- **Enciclopedia Galega Universal**. Vigo: Ir Indo, 2002. T. 13, páx. 246

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- ***Galicia. Literatura.*** Dirección Francisco Rodríguez Iglesias. A Coruña: Hércules de ediciones, 2000. T. XXXI, páx. 117-118
- GARCIA IGLESIAS, Xosé Manuel. “***Pazos de Oleiros***”. En: ***Pazos de Galicia.*** A Coruña: Colexio oficial de Arquitectos de Galicia, 1989, páx. 52-53
- ***Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*** [Lugo]: El Progreso/Diario de Pontevedra, D.L. 2003, t. 35, páx. 8-9
- ***Gran Enciclopedia Gallega.*** Santiago de Compostela: Silverio Cañada, 1974, t. 24, páx. 24-26
- ***Historia da literatura galega.*** Dirección Alberte Ansede Estravíz e Cesáreo Sánchez Iglesias. Vigo: Asociación Socio-pedagóxica Galega, 1996. Vol 1, páx. 277
- MARTINEZ-BARBEITO, Carlos. “***Pazo de Xaz***”. En: ***Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña.*** León: Everest, 1986, páx. 708-711
- MEIJIDE PARDO, Antonio. “***Pardo de Andrade: devanceiro do xornalismo galego***”. En: ***Grial.*** Vigo: Galaxia, 1983, nº 80, páx. 155-193
- MUÑIZ BELLO, Xoán Xosé. “***A primeira fábrica de louza fina existente en Galicia funcionou en Dorneda entre 1799 e 18012***”. En: ***Festas do Rosario Dorneda 94.*** Oleiros: Comisión de Festas de Dorneda, 1994

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- ODRIOZOLA, Antonio. *“Nuevas y rigurosas aportaciones acerca de Manuel Pardo de Andrade, iniciador del periodismo en Galicia”*. En: La Voz de Galicia, 14 agosto 1983, páx.15 e 53
- ODRIOZOLA, Antonio. *“Prohibiciones eclesiales y difusión popular de Os rogos d’un gallego”*. En: *La Voz de Galicia*, 16 agosto 1983, páx. 17 e 37
- PARDO DE ANDRADE, Manuel. *Los artículos del “Diario de Madrid” (1794-1800)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, D.L. 1989
- PARDO DE ANDRADE, Manuel. *La conversione di Sant’Agostino*. [Urbino]: Università degli Studi, 1985
- PARDO DE ANDRADE, Manuel. *Los guerrilleros gallegos de 1809*. A Coruña: La Voz de Galicia, 1992
- PARDO DE ANDRADE, Manuel. *Poesías*. Edición de María Rosa Saurín de la Iglesia. [Urbino]: Università degli Studi, 1988. 2 vol.
- PARDO DE ANDRADE, Manuel. *Rogos dun galego contra a Inquisición e outros versos liberais (1813-14)*. Edición Henrique Monteagudo. [A Coruña]: Real Academia Galega, 2013
- PARDO DE ANDRADE, Manuel. *Rogos dun galego contra a Inquisición e outros versos liberais (1813-14)*. [en liña][Consulta 05/03/2014]. Disponible en: <http://www.realacademiagalega.org/biblioteca-virtual-monografias>

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- PARDO DE ANDRADE, Manuel. *Semanario político, histórico y literario de La Coruña (1809-1810)*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1996
- “*Rogos dun gallego (1813)*”. [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Disponible en: <http://www.realacademiagallega.org/destaque-libro/>
- SAURÍN DE LA IGLESIA, M<sup>a</sup> Rosa. “*De la educación popular a la participación política (1775-1813)*”. En: *Del despotismo ilustrado al liberalismo triunfante: estudios de historia de Galicia*. Sada: Edición do Castro, 1993, páx. 30-59
- SAURÍN DE LA IGLESIA, M<sup>a</sup> Rosa. *Manuel Pardo de Andrade y la crisis de la ilustración (1760-1832)*. [A Coruña]: [M. R. Saurín], 1991
- SAURÍN DE LA IGLESIA, M<sup>a</sup> Rosa. “*Manuel Pardo de Andrade y su Semanario Político*”. En: *Cuadernos de estudios gallegos*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 1995, v. 42, n<sup>o</sup> 107, páx. 95-124 [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Disponible en: <http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/>
- S.V. “*Oleiros recuerda a su pluma más inquieta: Manuel Pardo de Andrade*”. En: *La Opinión Coruña* 16/11/2013 [en liña] [Consulta 05/03/2014]. Disponible en: <http://www.laopinioncoruna.es/gran-coruna/2013/11/16/oleiros-recuerda-pluma-inquieta/783601.html>

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- VÁZQUEZ GÓMEZ, José. “*Venturas y desventuras de Manuel Pardo de Andrade*”. En: La Voz de Galicia, 22 abril 1982, páx. 22-25
- VILLARES, Ramón. “*Os primordios dunha literatura política galega: Rogos dun escolar á virxe do bó acerto para que libre á terra dá Inquisición, Manuel Pardo de Andrade*”. En: *Gallegos*. Santiago de Compostela: Ézaro, 2011, nº 15, t. 3, páx. 125-136.
- VIVEIRO MOGO, Prudencio. “*Os promotores dos primeiros diarios galegos 1808-1809: Diario de Santiago e Diario de La Coruña*”. En: *Primeiros diarios galegos 1808-1809*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura galega, 2008, t.1, páx. 9-24. [en liña] [Consulta 05/03/2014]. Dispoñible: <http://www.consellodaculturagalega.org/mediateca/>





*"Con esforzo conséguese aquilo que se quere"*

*"A miña maior gloria son os meus alumnos"*

*"Tendo a ser feliz"*



María Josefa Wonenburger Planells

N

ace en Montrove, no concello de Oleiros, un 19 de xullo de 1927. A súa familia pertence á clase industrial burguesa da Coruña de xa soado nome, a **Fundición Wonenburger**, e vén sendo a primoxénita do matrimonio formado por Julio Wonenburger, de orixe alsaciana e Amparo Planells, de ascendencia valenciana.

A familia vive entre Oleiros e A Coruña, ás veces no Temple, outras no Burgo e outras na Ponte Pasaxe, tal como facían moitas familias da burguesía ilustrada coruñesa. Críase e educase nun medio familiar onde os estudos, os deportes e os idiomas son signos de progreso e índices de boa educación, aínda que estes principios liberais non son comúns entre as familias da época. Nun primeiro momento asiste a clases do Colexio Francés, a continuación no Colexio do Anxo e á hora de cursar o ensino secundario

matricúlase no instituto Eusebio da Guarda, finalizando o bacharelato no ano 1944.

Amosa desde o inicio dos estudos unha grande inclinación polos números e as matemáticas e, á hora de escoller estudos universitarios, opta pola recente Licenciatura en Matemáticas, malia saber que desde o ámbito familiar verían con bos ollos que cursase enxeñería. Para isto desprázase a Madrid en 1945 e alterna as súas obrigacións universitarias na Universidade Central, hoxe Complutense, co necesario estudo de idiomas, no seu caso o alemán.

Finalmente a estancia universitaria resúltalle grata e pracenteira. A convivencia na residencia universitaria, exclusivamente feminina, achega amizades para toda unha vida e o seu aproveitamento e cali-



dades fan que os profesores a animen a saír ao estranxeiro, xa que o interese principal da douda matemática encamiñase cara á investigación e á álgebra.

Con 26 anos decide marchar. Ábrese para ela un futuro moi incerto, pois abandona país, familia e amizades por unha carreira catalogada coma non feminina, de escaso resultado práctico para o ámbito familiar que preferían a enxeñería e o negocio familiar, e por riba trátase, en definitiva, dunha escolla de exclusiva vocación íntima e persoal. Para poder cumprir os seus obxectivos solicita e consegue unha bolsa Fullbright que convoca o Instituto de Educación Internacional dos EEUU por vez primeira para España, e así vai comezar a súa carreira no estranxeiro. Unha vez máis a licenciada recentemente vai abrindo camiños, pois grazas a súa dedicación e valentía convértese nunha auténtica pioneira e espello para moitas outras mulleres. Pertence á primeira promoción de

licenciados en Matemáticas, a primeira española en acadar unha bolsa Fullbright para realizar o doutoramento en Matemáticas, nos EEUU. Todo isto en 1953.

Prepara o seu regreso a España en 1957. Trae un doutorado baixo o brazo dirixido polo profesor que dá nome ao radical Jacobson, o afamado alxebrista Nathan Jacobson, mais este doutoramento da Universidade de Yale non lle é validado academicamente en España e así comeza unha nova tese, dirixida



polo profesor Germán Ancochea, catedrático de orixe galega, especialista en Xeometría Diferencial, de Álgebra e da Xeometría Alxebraica. Unha vez rematada a segunda tese, atende a solicitude do profesor Israel Halperin e trasládase a Ontario e máis tarde á Universidade de Toronto. Permanece seis anos en Canadá como única profesora de Matemáticas, que desempeñaba tal posto daquela, nesta universidade.

A partir de 1966 trasládase a Estados Unidos. As ofertas de traballo e investigación están nas universidades americanas mentres que en España, aínda tendo ás veces o pensamento de regresar, nin existe o campo de investigación que lle interesa, nin se lle ofrece a posibilidade de facelo. Así vai exercer como *Full Professor* na Universidade de Indiana desde 1967 ata 1983. Este período de tempo de dezaseis anos foron frutíferos profesional e persoalmente, pois relaciónase e coñece os máis grandes profe-

sores e matemáticos do momento como Emil Artin, creador dos aneis que levan o seu nome “aneis Artin”; Max Zorn, descubridor do lema de Zorn e investigador dos Espazos Banach e outras álxebras; Paul Halmos que destaca nas teorías da probabilidade e numerosos estudosos e investigadores cos que comparte coñecementos, docencia e amizade.



María Wonenburger e Max Zorn



O seu labor docente reflíctese nas teses doutorais que dirixiu e nos novos camiños que abre a investigación para as matemáticas, mais tamén para outras ciencias. Non podemos citar a todos os seus doutorandos como Stephen Berman, Richard Lawrence Marcuson, Bette Warren pero entre todos eles destaca Robert Moody cuxa investigación dá orixe ás álxebras coñecidas na actualidade

co nome de Kac-Moody e polas que a comunidade científica reconece a Wonenburger como unha matemática de primeira liña.

Regresa a Galicia con 56 anos e volve por razóns familiares que a van apartar dos labores de docencia e investigación. Nada se sabía do seu traballo nin da súa achega ás matemáticas e ao campo científico en xeral. Nestes momentos non podemos menos que agradecer a dúas profesoras coruñesas o descubrimento da eminente matemática. Tamén elas son profesoras da universidade e do campo científico, M<sup>a</sup> José Souto Salorio e Ana Dorotea Tarrío Tobar van descorrer o veo que tapou o traballo de tantas mulleres profesionais e van facer visible a figura de María Wonenburger, xa non soamente para a sociedade oleirense e coruñesa, senón para toda Galicia e España. A partir das súas publicacións e divulgacións a María Wonenburger chéganlle en vida os recoñecementos da universidade, asociacións e sociedade

máis próxima. E así merecidamente a Xunta de Galicia crea o **Premio María Wonenburger** para a ciencia e a tecnoloxía. No 2007 recibe o nomeamento de socia de *Honra da Real Sociedad Matemática Española*, a biblioteca do IES Blanco Amor de Culleredo leva o seu nome e a Universidade da Coruña agasállaa coa máxima distinción universitaria

como é o nomeamento de Doutora Honoris Causa desta.

No ano 2012, no seu lugar de nacemento, Montrove, o Concello de Oleiros vai honrar a súa persoa cun fermoso parque que se bautiza como Parque María Wonenburger Planells.



## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- BORRAJO BORRAJO, Gena. ***“María Wonenburger Planells: insigne galega en terras de América.*** En: ***Eduga, revista galega de ensino***, nº. 57, páx. 8-15. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, 2009. [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en PDF. Dispoñible en: <http://www.edu.xunta.es/eduga/hemeroteca/antigos>
- BUGALLAL, I. ***“María Wonenburger Planells: tengo una mente abstracta, no soy nada práctica”.*** En: ***La Opinión Coruña*** 14/05/2008 [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.laopinioncoruna.es/contraportada/2008/05/14/maria-wonenburger-planells-mente-abstracta-practica/190183.html>
- ***“A ciencia ten nome de muller”.*** En: ***Wikipedia*** [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: [http://gl.wikipedia.org/wiki/A\\_ciencia\\_ten\\_nome\\_de\\_muller](http://gl.wikipedia.org/wiki/A_ciencia_ten_nome_de_muller)
- ***“Homenaje a la gran matemática María Wonenburger en A Coruña”.*** En: ***Noticiario matemático*** [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://noticiariomatematico.blogspot.com.es/>
- ***Homenaxe a María Wonenburger: II Día da Ciencia en Galego 4/11/2011: María Wonenburger.*** En: ***Ciencia en Galego*** [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML.. Dispoñible en: <http://www.cienciaengalego.org>

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- MARCO, Aurora. *Dicionario de mulleres galegas*. [Vigo]: Promocións Culturais Galegas, 2007, páx. 471
- “*María Josefa Wonenburger Planells, na creación de coñecemento: Xornada do 28/11/2010 realizada no Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela*”. En: *Consello da Cultura Galega* [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Dispoñible en: <http://www.consellodacultura.org/mediateca/>
- “*María Josefa Wonenburger Planells: unha figura mundial das matemáticas*”. En: *Álbum de Mulleres* [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.culturagalega.org/album/cartografias.php>
- “*María Wonenburger*”. En: *Wikipedia* [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://gl.wikipedia.org/>
- “*María Wonenburger*”. En: *Comisión de Mujeres y matemáticas* [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://mym.rsme.es/>
- OBELLEIRO, Paola. “*La discreción de las ciencias exactas*”. En: *El País* 14/11/2010[en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en [http://elpais.com/diario/2010/11/14/galicia/1289733499\\_850215.html](http://elpais.com/diario/2010/11/14/galicia/1289733499_850215.html)

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- **“Premio María Josefa Wonenburger Planells”**. En: *Unidade da Muller e Ciencia* [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://unidadedamullereciencia.xunta.es/informacion/premio-maria-josefawonenburger-planells>
- PUJALES, Xosé Enrique. **“María Wonenburger ou a paixón pola investigación matemática”**. En: *Gamma: revista galega de educación matemática*, nº 7, setembro, páx. 107-109. Lugo: Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática, 2007. [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en PDF. Dispoñible en: <http://www.culturagalega.org/album/docs/sobre%206.pdf>
- RIOS FACHAL, Matilde. ***As mulleres nas matemáticas***. A Coruña: Baía, 2008, páx. 105-106
- ROUCO, L. **“La cara amable de las matemáticas”**. En: *La Opinión Coruña* [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.laopinioncoruna.es/sociedad/2329/cara-amable-matematicas/95509.html>
- REGO, P. **“María Wonenburger, la sabia”**. En: *Amecopress* [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.amecopress.net/spip.php?article5313>

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB


- SAMPAYO YÁÑEZ, M. “*María Josefa Wonenburger Planells*”. En: *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. [Lugo]: El Progreso/Diario de Pontevedra, D.L. 2003. T. 44, páx. 140
- SOUTO SALORIO, M<sup>a</sup>. Josefa. “*Unha científica pioneira*”. En: *Renova Galiza*, n<sup>o</sup> 3, páx. 29-33. Barcelona: Foro Cívico Galego, 2008. Texto en PDF. Dispoñible en: <http://www.precarios.org/dl1086>
- SOUTO SALORIO, M<sup>a</sup>. Josefa e TARRÍO TOBAR, Ana Dorotea. “*María Josefa Wonenburger Planells: mujer y matemática*”. En: *La Gaceta de la RSME*, v. 9, n<sup>o</sup> 2, páx. 339-364. Madrid: Real Sociedad Matemática Española, 2006. [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en PDF. Dispoñible en: <http://gaceta.rsme.es/>
- SOUTO SALORIO, M<sup>a</sup>. Josefa e TARRÍO TOBAR, Ana Dorotea “*Wonenburger Planells, María Josefa (1927- )*”. En: *DivulgaMAT: Centro virtual de divulgación de las matemáticas*. Real Sociedad Matemática Española. [en liña] [Consulta 19/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: [http://divulgamat2.ehu.es/divulgamat15/index.php?option=com\\_content&view=article&id=3425%3Awonenburger-planells-marjosefa-1927](http://divulgamat2.ehu.es/divulgamat15/index.php?option=com_content&view=article&id=3425%3Awonenburger-planells-marjosefa-1927)

*Eu camiñaba polo quinteiro que dende  
Oleiros leva ó porto de Santa Crus...*

*Sobre a cume dun souto víanse as campás  
da igrexa de Liáns...*

*Encontrábame xa na Lóngora... escoitábase  
vagamente o barullo da foliada que se facía  
no lugar de Coruxo.*

*Todo invitaba a pensar je pensei tantas cousas!*



**Os primeiros versos**  
Manuel Lugrís Freire






figura de Manuel Lugrís Freire posiciónase na historia da nosa cultura como o que hoxe entendemos por un activista cultural e político a prol da súa terra. Lugrís non é soamente un notable escritor a quen admirar, senón que para o seu tempo despregou un grande abano de campos nos que se compromete activa, política e culturalmente e nos que exerce e desempeña cargos de responsabilidade que van marcar a súa biografía.

Nace en Sada o 12 de febreiro de 1863 -ano da publicación de ***Cantares Gallegos*** de Rosalía Castro- nunha familia oleirense que antes vivira en Dexo e en Mera. Pasada a primeira infancia, a familia trasládase a vivir á parroquia de Soñeiro, e xa moi novo, con 17 anos, comeza a traballar no Concello de Oleiros como escribán, é dicir, encargado de escribir documentos legais e actas. Desta etapa, dos seus paseos desde Soñeiro a Olei-

ros, arredor de dous quilómetros vai deixar pegada nos primeiros textos. Así no seu relato ***Os primeiros versos*** evoca os seus comezos como escritor, a sentida fermosura da natureza que o envolve e recrea de xeito biográfico os sentimentos de saudade galeguista ao oír cantar nunha homenaxe a Marcial del Adalid, preto de Lóngora e *“Pouco despois saín do cementerio de Liáns, collín polo rueiro que leva a Oleiros... “O amor da patria, primeiro cariño que sentín, revertía no meu peito”.*

A partir de 1883 prodúcese un gran cambio na súa vida e emigra a Cuba. Alí está o seu irmán Plácido Lugrís que lle vai procurar os primeiros traballos. A estadia na capital cubana abrangue ata



1896 e van supoñer anos ledos persoal, profesional e intelectualmente. A Habana nestes momentos conta cunha colectividade galega ampla e con recursos, que se manifesta fundamentalmente a través da prensa e coa creación de institucións tan representativas como é o Centro Galego. Lugrís vaise atopar na Habana con persoeiros como Álvarez Insua, estradense e fundador do xornal galego na capital *El Eco de Galicia*, amais de fundador do recoñecido Centro Galego e secretario da Sociedade de Beneficencia que desde a Habana financia en 1880 a publicación de *Follas Novas* de Rosalía Castro. O autor vai publicar no seu periódico numerosos poemas e a novela *O penedo do crime*, e vai conseguir o seu apoio para a publicación de *A Gaita Gallega*, que Lugrís vai converter na primeira publicación monolingüe da emigración. Desde esta publicación, que se mantén desde 1885 a 1889, empregará os seus diversos pseudónimos como **Roque de**

**Mariñas, K'ñoto** e o máis coñecido **Asiumedre**. Manuel Lugrís promoveu ademais na Habana unha corrente de protesta pública cando nos medios culturais cubanos se caracterizaban personaxes galegos de xeito humillante e indigno.



Outro persoeiro fundamental para Lugrís vai ser Curros Enríquez, a quen coñece e frecuenta na Habana e este prologará o seu primeiro poemario titulado **“Soidades”** que publica en 1894. Para o noso autor a carón do traballo profesional e intelectual, está o seu compromiso coa emigración que o vai levar a desempeñar diferentes responsabilidades coma o cargo de vogal da xunta directiva do **Centro Galego**, ser socio de Honra do **Liceo Artístico e Literario de Regla** e tamén gran promotor da **Sociedade Aires da Miña Terra**, da que o propio Curros é presidente de honra. Nestes intres na Habana, as diferenzas ideolóxicas entre Álvarez Insua e Curros Enríquez son evidentes e públicas e vívense entre a colectividade galega a través da propia revista fundada polo autor celanovés, **La Tierra Gallega**, onde Manuel Lugrís tamén colabora. As polémicas e os desencontros son tan vivos que nos xornais de Álvarez Insua desaparecen

as publicacións de Lugrís, quen finalmente toma partido por Manuel Curros Enríquez, e as súas colaboracións publícanse en **Galicia Moderna** que edita José Novo e onde tamén participan Eladio Rodríguez, Antonio e Francisco de la Iglesia entre outros.



Asemade a toda esta traxectoria intelectual, Manuel Lugrís contrae matrimonio cunha muller cubana, Concepción Orta Iglesias. Novamente, e ante os conflitos prebélicos pola independencia de Cuba, outro importante cambio agroma na súa vida e o matrimonio regresa a Galicia en 1896.

O arelado regreso trae tras de si alegrías e penas familiares. Nace a súa filla, Socorro Lugrís Orta en 1897 e morre a súa dona en 1899. Vive nestes momentos episodios de desacougo e pesimismo existencial que quedan reflectidos no seu libro *Noitebras*, que publica en 1901. Superados pouco a pouco estes transos, en Manuel Lugrís, que agora reside na Coruña, volvemos atopar un despregue de actividades que se focalizan en aspectos diferentes que enriquecen a súa personalidade e que son: a actividade política ligada á oratoria ou discurso público, o teatro, iniciado en Cuba, a promoción cultural, tertulias e relación cos intelectuais galeguistas da su época e o compromiso para asumir e rexer os cargos institucionais.

No tocante á vida pública e política, citamos a súa activa participación na fundación en 1897 da **Liga Gallega** da que logo será presidente, o discurso na homenaxe aos **Mártires de Carral** en 1899, membro fun-

dador da **Real Academia Galega** en 1906, que vai presidir en 1934, partícipe da **Cova Céltica** e promotor do sindicato **Solidaridad Gallega**. Intégrase nas **Irmandades da Fala**, nadas na Coruña en 1916, en 1923 ingresa no **Seminario de Estudos Galegos** e no **Partido Galeguista** en 1931 e chega a formar parte da comisión que redacta o seu regulamento e que vai elaborar o Estatuto de Autonomía. Amais de todo isto, destacamos a súa faceta de orador público en lingua galega, que o converte en pioneiro e axente normalizador e non soamente no discurso académico, senón no mitin político, sendo o primeiro personaxe público que así o fixo, o 6 de outubro de 1907 nun mitin en Betanzos a prol de Solidaridad Gallega.

A handwritten signature in blue ink, reading "M. Lugo's Theire". The signature is stylized with a large, sweeping underline that extends to the left.

Para o labor creativo e literario, Manuel Lugrís ocupa un posto preferente na historia do teatro en lingua galega. O autor adiántase ás Irmandades e ve no teatro un útil instrumento para achegarse ás clases urbanas, superar os prexuízos ante a lingua e amosar un achegamento aos problemas sociais do país. No seu interese polo xénero teatral vai fundar en 1902 a **Escola Rexional de Declamación**, que vai presidir no seguinte ano, pero que vai rematar en 1905. Esta preocupación xa nos dá a entender como se vive a necesidade de contar con institucións que formen técnica e adecuadamente no xénero. A escola é o claro antecedente da fundación por parte das **Irmandades da Fala**, do **Conservatorio Nazonal de Arte Galego** en 1919.

Así, grazas á Escola estrea en 1903, na Coruña, no Teatro Principal, hoxe Rosalía Castro, o drama *A Ponte*, e a peza titulada *Minia* no Teatro Jofre de Ferrol en 1904 e

no mesmo ano en Cuba polo Orfeón Gallego. Neste mesmo ano tamén a cargo da Escola Rexional, o drama longo titulado *Mareiras*. Logo en 1910 estrea *Esclavitú* polo grupo **Sociedade Talía**. Tras o drama vai presentar dúas comedias, *O pazo* en 1917, e *Estadeíña* en 1919. O teatro de Lugrís caracterízase pola súa fonda ideoloxía agrarista e anticaciquil, a temática é daquela social e vai deixando atrás os tópicos costumistas e históricos do noso teatro. A isto debemos engadir o acerto de Manuel Lugrís de abandonar o verso e daquela coa prosa soubo e puido achegarse a un público, que aínda minoritario, asistiu en Galicia ás diferentes estreas das súas obras, cómpre ademais ter en conta que a tradición coa que contaba o teatro apenas existía.

Por último, na súa biografía persoal destacar que Manuel Lugrís contrae de novo matrimonio con Purificación González Varela, profesora de piano na Escola Normal, que

máis adiante sería Escola de Maxisterio, e que tiveron cinco fillos. De entre eles destacamos para a cultura galega, o afamado e importante pintor surrealista Urbano Lugrís González.

A partir de 1936, Manuel Lugrís e a súa dona viven illados no seu piso da Coruña, na rúa de san Andrés, e o 15 de febreiro de 1940 morre e é soterrado no cemiterio de San Amaro, no silencio da longa noite do franquismo, arroupado por poucos amigos.

O ano 2006, á proposta da **Real Academia Galega**, o Día das Letras Galegas foi dedicado a este escritor, a sociedade galega estudará, aclamará e recoñecerá a figura do intelectual activo e comprometido coa sociedade que o descoñecía.



## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- CAMPOS VILLAR, Xabier. *Dicionario Manuel Lugrís Freire*. Santa Comba: TresCtres, 2006
- CAMPOS VILLAR, Xabier. *Lugrís Freire: unha biografía*. Vigo: Galaxia, 2006
- CAMPOS VILLAR, Xabier. *Manuel Lugrís Freire: vida e escolma*. Vigo: Galaxia, 2006
- CAMPOS VILLAR, Xabier. *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2006
- CORTIÑAS, Luis. “*Lembranzas de café*”. En: *Areal, Revista Cultural de Sada*, nº 6, abril, páx. 39-40. Sada (A Coruña): Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, 2013
- “*Día das Letras Galegas 2006: Especial Manuel Lugrís Freire*”. En: *Biblioteca Virtual Galega* [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://bvg.udc.es/LetrasGalegas2006/LetrasGalegas.html>
- “*Día das Letras Galegas 2006: Especial Manuel Lugrís Freire*”. En: *Cultura Galega* [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.culturagalega.org/especiais/letrasgalegas2006/>
- *Diccionario da Literatura Galega*. Coordinación Dolores Vilavedra. Vigo: Galaxia, 1995. Vol. I Autores, páx. 355-356, vol II Publicacións periódicas, páx. 18, 20, 21, 22, 26, 28, 50, 68, 78, 83, 100, 122, 127, 149, 150, 156, 161, 167, 204, 205, 211, 212, 213,

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

228, 232, 233, 266, 283, 286, 295, 302, 331, 334, 337, 342, 343, 363, 370, 376, 390, 393, 419, 422, 443, 449, 456, 458, 460, 462, 464, 465, 488, 490, 505, 507 vol. III Obras, páx. 100, 375-378

● FERNÁNDEZ COSTAS, *Xosé Manuel*. *Manuel Lugrís Freire: a fe na causa*.

A Coruña: Baía, 2006

● FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco. *Diccionario de escritores en lingua galega*.

Sada: Ediciós do Castro, 1990. Pax. 224

● *Galicia. Literatura*. Dirección Francisco Rodríguez Iglesias. A Coruña: Hércules de ediciones, 2000. T XXXII, páx. 293-296

● *Historia da literatura galega*. Dirección Alberte Ansedo Estraviz e Cesáreo Sánchez Iglesias. Vigo: Asociación Socio-pedagóxica galega, 1996. Vol 2, páx. 537-544, 622, 628

● LOURENZO, Manuel e PILLADO MAYOR, Francisco. *Antoloxía do teatro galego*.

Sada: Ediciós do Castro, 1982

● LUGRÍS FREIRE, Manuel. *Antoloxía*. Edición de Xabier Campos Villar. Vigo:

Galaxia, 2006

● LUGRÍS FREIRE, Manuel. *A carón do lar*. Vigo: Castrelos, 1973

● LUGRÍS FREIRE, Manuel. *Escolma de textos*. Edición de Nélida Cosme Abollo e

Dolores Sánchez Vales. Sada: Ediciós do Castro, 2006

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- LUGRÍS FREIRE, Manuel. *O penedo do crime*. Estudo introdutorio de Xabier Campos Villar. Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, 2013
- LUGRÍS FREIRE, Manuel. *A ponte*. [Vigo]: A Nosa Terra, 2006
- LUGRÍS FREIRE, Manuel. “*Textos varios*”. En: *Areal, Revista Cultural de Sada*. Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, 2013, nº 6, abril, páx. 24 e 36-38
- LUGRÍS FREIRE, Manuel. “*Textos varios*”. En: *Areal, Revista Cultural de Sada*. Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, 2013, nº 7, outubro, páx. 32-39
- LUGRÍS FREIRE, Manuel. *Gramática do idioma galego*. A Coruña: Imprenta Moret, 1931. En: *Consello da Cultura Galega* [en liña] [Consulta 05/03/2014]. Dispoñible en: <http://www.consellodacultura.org/mediateca/documento.php?id=120>
- LUGRÍS FREIRE, Manuel. *Soidades*. En: *Real Academia Galega* [en liña] [Consulta 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.realacademiagalega.org/biblioteca-virtual-monografias>
- LUGRÍS RODRÍGUEZ, Manuel. “*Un discurso de Lugrís Freire para a historia*”. En: *Areal, Revista Cultural de Sada*. Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, 2011, nº 2, abril, páx. 27-29
- LUGRÍS RODRÍGUEZ, Manuel. “*O espazo mítico de Manuel Lugrís Freire*”. En: *Areal, Revista Cultural de Sada*. Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, 2011, nº 3, outubro, páx. 21-22

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- LUGRÍS RODRÍGUEZ, Manuel. *“Manuel Lugrís Freire na perspectiva da historia”*. En: *Areal, Revista Cultural de Sada*, Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, 2013, nº 6, abril, páx. 16-18
- LUGRÍS RODRÍGUEZ, Manuel. *“Lugrís Freire precursor no proceso nacional”*. En: *Areal, Revista Cultural de Sada*, Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, 2013, nº 7, outubro, páx. 5-6
- *“Letras Galegas: Manuel Lugrís Freire”*. En: *Real Academia Galega* [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.realacademiagalega.org/figuras-homenaxeadas>
- *Manuel Lugrís Freire*. O compromiso coa terra. [Santiago de Compostela]: Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2006. DVD
- *“Membros da Academia: Manuel Lugrís Freire”*. En: *Real Academia Galega* [en liña] [Consulta: 05/03/2014]. Texto en HTML. Dispoñible en: <http://www.realacademiagalega.org/>
- MOURE ROJAS, Edmundo. *“Un ilustre masón”*. En: *Areal, Revista Cultural de Sada*. Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, 2013, nº 6, abril, páx. 2-5
- NICOLÁS RODRIGUEZ, Ramón. *Manuel Lugrís Freire: biografía e antoloxía*. Vigo: Xerais, 2006

## BIBLIOGRAFÍA E PÁXINAS WEB

- NICOLÁS RODRIGUEZ, Ramón. *Manuel Lugrís Freire: vida e obra*. Vigo: Xerais, 2006
- PILLADO MAYOR, Francisco. *Na outra banda da ponte: Materiais para un espectáculo didáctico sobre Manuel Lugrís Freire*. A Coruña: Deputación Provincial de A Coruña. Servicio de Publicacións, 2006
- PILLADO MAYOR, Francisco. *O teatro de Manuel Lugrís Freire*. Sada: Edicións do Castro, 1991
- *A poesía e o teatro interseculares*. Vigo: Asociación Socio-pedagóxica Galega, 1996
- RABUÑAL, Henrique. *Manuel Lugrís Freire*. Vigo: A Nosa Terra, 2006
- VALCÁRCEL LÓPEZ, Marcos. *Manuel Lugrís Freire: o compromiso coa terra*. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2006. CD-ROM



## Bibliotecas Públicas Municipais

*Premio Nacional María Moliner 2011*

■ Biblioteca Central Rialeda:  
Avda. Rosalía de Castro, 227A  
15172 Perillo - Oleiros  
Telf.: 981 639 511- Fax: 981 639 996  
[biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)

### **CATÁLOGO DO FONDO BIBLIOGRÁFICO ▼**

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:  
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>



## **Concello de Oleiros**

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística

[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

